



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 12 DE NOVEMBRO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia.

2. CON/36/2020. ADXUDICACIÓN Proxecto SMARTIAGO - Licitación CPI para desenvolver un sistema de alumeado ornamental para a conservación do patrimonio - cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 (CON/36/2020).

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa TELEVES SA, por un importe de **613.581,43, IVE engadido**, (507.092,09 euros, máis 21% de IVE que ascende a 106.489,34 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. A empresa compromete un 10% dos “royalties” da solución desenvolvida por un valor de 751.707,07 euros. O gasto divídese en tres anualidades: anualidade de 2020 de 184.074,83 euros; anualidade de 2021, de 368.148,86 euros; e anualidade 2022, de 61.358,14 euros.

3. CON/37/2020. ADXUDICACIÓN Proxecto SMARTIAGO - Licitación CPI para desenvolver un sistema Intelixente de recollida de RSU - cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 (CON/36/2020).

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa WELLNESS TELECOM SL, por un importe de **446.490 euros**, IVE engadido, (369.000 euros IVE aparte 21% que ascende a 77.490 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. A empresa compromete un 10% dos “royalties” da solución desenvolvida por un valor de 1.680.000 euros. O gasto financiarase en tres anualidades: a anualidade de 2020 por 44.649 euros; a anualidade de 2021 por 357.192 euros; e a anualidade 2022, por 44.649 euros.

3. SRB/982/2020. CONVENIO DE COLABORACION PARA O DESENVOLVEMENTO DO TRANSPORTE METROPOLITANO.

Acórdase dar luz verde á sinatura do Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Santiago de Compostela. Trátase dun trámite necesario para podelo asinar coa Xunta de Galicia e co resto de concellos a área metropolitana.

4. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 2020-CREXT-16 DE IMPORTE 9.501.325,45 EUROS, FINANCIADO CO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2019.

Apróbase inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2020-CREXT-16 para atender ao pagamento de sentenzas, para a realización dunha serie de investimentos no ámbito urbano e rural, e para a concesión de axudas no ámbito da cultura, do comercio e a hostalería local, por un importe total de **9.501.325,45 euros**, financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.

Este expediente ten os seguintes detalles:

DENOMINACIÓN	IMPORTE
Sentenza 60/2020 de 18.02.2020 do XCA nº 2 de Santiago de Compostela recaída no P.O. 80/2018 "onde se recoñece a XADE o dereito a percibir 1.422.853,36 euros do Concello en concepto de perdas ocasionadas polo non incremento de tarifas e prezos	1.422.853,36
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2. 1.422.853,36	
Axudas ao fomento de actividades culturais no Concello de Santiago de Compostela	600.000,00
Axudas ao comercio local para o financiamento dos seus gastos correntes	600.000,00
Axudas para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local	300.000,00
Axudas aos establecementos da hostalería local para o financiamento dos seus gastos correntes	1.600.000,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4. 3.100.000,00	
Reurbanización da Rúa do Hórreo no fronte da estación intermodal (XOB/119/2020)	610.000,00
Urbanización "ZLI-75" Núcleo de Cotaredo (UA-11 do PERI Concheiros-Cotaredo-San Lázaro) (XOB/060/2016)	165.876,26
Acondicionamento de aparcadoiro na parcela RE-4 colindante coa Escola de Música e reurbanización da rúa Altiboia. Fase I – aparcadoiro (XOB/53/2015)	208.907,95
Acondicionamento do campo da festa do Castiñeiriño para usos polivalentes (XOB/451/2017)	467.968,40
Mellora da accesibilidade ao Pazo de Raxoi dende a Costa do Cristo (XOB/118/2020)	40.536,45
Novos aseos públicos na Avda. de Raxoi (XOB/93/2020)	226.967,85
Reforma dos aseos públicos existentes na Rúa Trindade e no Parque da Alameda (XOB/94/2020)	170.918,53
Rexeneración do pavimento de calzada da Avda. de Asturias (XOB/460/2019)	517.204,47
Rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela (XOB/166/2020)	865.150,00
Renovación do céspede do campo de fútbol do Sergas (XOB/678/2018)	568.267,15
Zona cuberta de usos múltiples de Santa Marta (XOB/33/2018)	165.000,00
Obras de accesibilidade en diversos puntos da cidade	247.000,00
Proxectos de mellora e humanización do barrio da Estila e de accesibilidade da Almaciga	78.000,00
Reforma do viario a Pajuela-Campo da festa de Marrozos	246.675,03

DENOMINACIÓN	IMPORTE
GASTO TOTAL CAPÍTULO 6. 4.578.472,09	
Axudas para o financiamento de gastos de capital no comercio local	400.000,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2. 400.000,00	
TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 9.501.325,45	